

SEGUNDA PRÓRROGA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AOS NENOS ONCOLÓXICOS DE GALICIA (ASANOG), PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS DE ASANOG INTEGRADOS NO PROGRAMA "MEU BEN"

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital (31.01.2024)

REUNIDOS

Dunha parte, don Julio García Comesaña, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, don _____, maior de idade con NIF _____, en calidade de presidente da Asociación de Axuda aos Nenos Oncolóxicos de Galicia (en diante ASANOG ou a Asociación), con CIF _____, actuando como representante legal da mesma, de acordo o artigo 26 de seus estatutos.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que en data 31 de xaneiro de 2018 asinouse o *"Acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de axuda aos nenos oncolóxicos de Galicia (ASANOG), para o desenvolvemento dos proxectos de ASANOG integrados no programa "MEU BEN"* no ámbito dos departamentos de Onco-hematoloxía pediátrica dos centros públicos do Servizo Galego de Saúde.

Segundo.- Que na Cláusula sétima do mencionado convenio, relativa á vixencia do convenio, establécese que *"O prazo de vixencia deste convenio será de tres anos a contar dende o día da súa sinatura. Non obstante, o convenio pode prorrogarse por mutuo*

acordo entre as partes con suxeición ao establecido no artigo 49. 1 h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público".

Terceiro. Que en data 31 de xaneiro de 2021 asinouse a prórroga do *"Acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de axuda aos nenos oncolóxicos de Galicia (ASANOG), para o desenvolvemento dos proxectos de ASANOG integrados no programa "MEU BEN"* no ámbito dos departamentos de Onco-hematoloxía pediátrica dos centros públicos do Servizo Galego de Saúde.

Cuarto.- Que manténdose as mesmas circunstancias que deron lugar á subscrición do Acordo de Colaboración, as partes entenden que, ao amparo do previsto na antedita cláusula sétima, debe procederse a súa nova prórroga.

Por todo o exposto, tendo en conta os obxectivos acadados durante o tempo de vixencia do convenio, así como a necesidade de continuar coa colaboración iniciada, as partes asinantes

ACORDAN

Prorrogar o acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de axuda aos nenos oncolóxicos de Galicia (ASANOG), para o desenvolvemento dos proxectos de ASANOG integrados no programa *"MEU BEN"*, por un período de dous anos a contar dende o 31 de xaneiro de 2024.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente acordo, na data da súa sinatura dixital.

O Presidente do Servizo Galego de Saúde

O Presidente de ASANOG

Julio García Comesaña